



REPOBOACIÓN FORESTAL NO M.V.M.C. DE SILVABOA E MOSTEIRÓN (SAN CRISTOVO DE CEA – OURENSE)

AUTOR: José Manuel Álvarez Rodríguez

DIRECTOR: Antonio de María Angulo

CODIRECTOR: Enrique Valero Gutiérrez del Olmo

CURSO 2016/17

RESUMO: O proxecto de repoboación forestal proposto realizarase na Serra da Martiñá, no concello de San Cristovo de Cea, provincia de Ourense. O monte está incluído na Z.E.C. (Zona de Especial Conservación) Pena Veidosa, a cal forma parte da Rede Natura 2000 de Galicia. O obxectivo principal será de conservación, xa que nos atopamos nun espazo protexido.

Unha superficie total de 43,51 ha divídese en catro rodais, a superficie útil de plantación é de 39,20 ha:

- Rodal 1: 10,80 ha *Pinus pinaster*.
- Rodal 2: 21,40 ha *Pinus sylvestris*.
- Rodal 3: 4,70 ha *Betula alba*.
- Rodal 4: 2,30 ha *Quercus robur*, micorrizado con *Boletus edulis*.

Adecuaránse 1,34 ha de pistas forestais e 2,10 ha de cortalumes. As restantes 0,87 ha son terreo improdutivo de afloramentos rochosos.



Con este proxecto preténdese a conservación, protección e restauración de ecosistemas forestais e da biodiversidade, cunha xestión sostible do monte de acordo a súa multifuncionalidade ambiental, económica, social, cultural e patrimonial.

